DATOS IDENTIFICATIVOS

Historia, Memoria, Identidade e Patrimonio Cultural

Materia	Historia, Memoria, Identidade e Patrimonio Cultural			
Código	O02M143V03209			
Titulación	Máster Universitario en Valoración, xestión e protección do patrimonio cultural			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OP	1	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Rodríguez Teijeiro, Domingo			
Profesorado	Prada Rodríguez, Julio Rodríguez Teijeiro, Domingo			
Correo-e	teijeiro@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.gal/course/view.php?id=1072			
Descrición xeral	O obxectivo desta materia e capacitar ao alumnado para a toma de decisión sobre a función que se asigna ao patrimonio cultural dende a perspectiva dos procesos de reprodución simbólica e cultural do pasado e dotalo das ferramentas precisas para a súa posta en valor e uso público.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Posuír e comprender coñecementos que proporcionen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e / ou aplicación das ideas, a miúdo nun contexto de investigación.
B1	Adquirir a capacidade para diferenciar e valorar as diversas expresions do Patrimonio cultural, coñecer as ferramentas para a sua cuantificación e protección, así como as diferentes perspectivas que abordan a sua xestión.
C8	Comprender os valores multifactoriales do Patrimonio Cultural e avalialo adecuadamente de acordo cos criterios de uso social.
C11	Adquirir a capacidade de manexar ferramentas documentais e técnicas historiográficas para a caracterización do Patrimonio.
C13	Desenvolver a capacidade para tomar decisións sobre a función asignada ao Patrimonio, o seu valor e uso público, e para a elaboración de estratexias dirixidas á súa recuperación.
D6	Saber transmitir de forma clara e inequívoca a un público especializado ou non, resultados da investigación científica e tecnolóxica ou o máis avanzado campo de innovación, así como os fundamentos máis relevantes sobre os que están baseados
D8	Adquirir coñecementos avanzados e demostrar, nun contexto de investigación científica e tecnolóxica ou altamente especializada, unha comprensión detallada e comprobada dos aspectos teóricos e prácticos e da metodoloxía de traballo nun ou máis campos de estudo.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Capacitar ao alumnado para a toma de decisións sobre a función que se lle asigna ao patrimonio, á súa posta en valor e uso público.	A1 B1 C8 C11 C13 D6 D8
Coñecer os procesos de reprodución simbólica e cultural do pasado.	A1 B1 C8 C11 C13 D6 D8
Dotar ao alumnado de ferramentas para o manexo de fontes específicas.	A1 B1 C8 C11 C13 D6 D8

Contidos

Tema	
Introdución e conceptos básicos	Aproximación aos conceptos básicos. Os debates sobre a memoria, identidades e patrimonio.
Patrimonio Cultural, Mentalidades e Identidades Colectivas.	Procesos históricos de reprodución simbólica e cultural do pasado. Configuración das identidades colectivas.
Memoria e lugares da Memoria Colectiva	Concepto de memoria e relacións historia/memoria. Os lugares da memoria e a súa aplicación. Os usos públicos da memoria
Estudio de casos	A memoria oral. A patrimonialización dos espazos represivos.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	4	0	4
Estudo de casos	0	14	14
Resolución de problemas	0	15	15
Foros de discusión	0	6	6
Traballo tutelado	0	35	35

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades orientadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Lección maxistral	Exposición esquemática polo profesorado dos contidos da materia, bases teóricas e directrices sobre os traballos e exercicios a desenvolver polo alumnado.
Estudo de casos	Análise dun problema ou caso real relacionado coa materia, coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, diagnosticalo e profundar en procedementos alternativos de solución, para ver a aplicación dos conceptos teóricos na realidade. Empregarase como complemento das clases teóricas para o autoaprendizaxe.
Resolución de problemas	Actividades orientadas á formulación de problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumnado debe desenvolver as solucións idóneas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas ou algoritmos, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados.
Foros de discusión	Actividades desenvolvidas nunha contorna virtual na que se debaten temas relacionados cos contidos da materia.
Traballo tutelado	Elaboración de documentos sobre a temática da materia de xeito individual ou en grupo ou preparación de investigacións, memorias, ensaios, etc.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición

Foros de discusión	A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas e revisión dos materiais utilizados polo alumnado.
Traballo tutelado	A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas e revisión dos materiais utilizados polo alumnado.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Estudo de casos	Avaliación dos resultados do Estudo de casos. Resultados da aprendizaxe avaliados: Capacitar ao alumnado para a toma de decisións sobre a función que se lle asigna ao patrimonio, a súa posta en valor e uso público.	20	A1	B1		D6
Resolución de problemas	Avaliación das actividades realizadas. Resultados da aprendizaxe avaliados: Coñecer os procesos de reprodución simbólica e cultural do pasado. e capacitar ao alumnado para a toma de decisións sobre a función que se le asigna ao patrimonio, a súa posta en valor e uso público.	30	A1	B1		D6
Foros de discusión	Avaliación da participación activa do alumnado e das súas achegas ao foro de discusión da materia.	10			C8	
Traballo tutelado	Avaliación dos resultados do traballo tutelado. Resultados da aprendizaxe avaliados: Dotar ao alumnado de ferramentas para o manexo das fontes específicas.	40			C11 C13	D8

Outros comentarios sobre a Avaliación

Segundo o establecido no *Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado da Universidade de Vigo*, do 2023, existen dous sistemas de avaliación que o alumnado poderá elixir: o preferente, que se aplicará por defecto, de **avaliación continua** (probas e actividades diversificadas que teñen lugar ao longo do cuadrimestre), e o denominado de **avaliación global** (exames e/ou entrega de traballos/exercicios a realizar nas datas oficiais de avaliación establecidas no calendario académico), que deberá ser expresamente solicitado polo alumnado interesado, e comunicado ao profesorado responsable no prazo máximo de 31 días desde o início do cuadrimestre.

As probas de **avaliación global** desta materia consistirán no seguinte: entrega das actividades propostas (Resolucion de problemas, 20%), Estudo de Casos (30%), Traballo Tutelado (50%)

O alumnado ten dúas convocatorias/oportunidades de avaliación. A primeira lévase a cabo durante o cuadrimestre de docencia. A segunda (ou de 2ª oportunidade) realizaráse no mes de xullo, para o cal habilitarase de novo o acceso á plataforma docente.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

ALTED VIGIL, A. (coord.), **Entre el pasado y el presente. Historia y memoria**, UNe, 1986

BERAMENDI, J. y BAZ, M. J., **Identidades y memoria imaginada**, Prensas Universitarias Valencianas, 2011

CANDAU, J., **Memoria e identidad**, Editorial Del Sol, 2008

COLMEIRO, J. E., **Memoria histórica e identidad cultural. De la posguerra a la postmodernidad**, Anthropos Editorial, 2005

FORCADELL, C. et alii (eds.), **Usos de la historia y políticas de la memoria**, Prensas Universitarias de Zaragoza., 2004

GARCÍA CUETOS, Mª P., **El patrimonio cultural: conceptos básicos**, Prensas Universitarias de Zaragoza., 2011

HALBAWCHS, M, **La Memoria colectiva**, Miño y Dávila Editores, 2011

RACEDO, J. et al., **Patrimonio cultural e identidad: culturas populares, memoria social y educación**, Ediciones Cinco, 2004

THOMPSON, Paul, **La voz del pasado. Historia Oral**, Edicions Alfons El Magnánim, Institució Valenciana, 1998

AGUILAR, P., **Políticas de la memoria y memoria de las políticas**, Alianza, 2008

ARÓSTEGUI, J., **La Historia Vivida. Sobre la Historia del Presente**, Alianza, 2004

CUESTA, J., **La Odisea de la Memoria. Historia de la Memoria en España**, Alianza, 2008

GARCÍA MARCHANTE, J.S. y POYATO HOLGADO, Mª C., **La función social del patrimonio histórico: el turismo cultural**, Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha, 2002

GODOY, C. (comp.), **Historiografía y memoria colectiva: tiempos y territorios**, Miño y Dávila Editores, 2002

KOSELLECK, R, **Estratos de tiempo: estudios sobre la historia**, Editorial Paidós, 2011

Recomendacións

Outros comentarios

A docencia da materia desenvolverase sempre de maneira telemática presencial, ben sexa síncrona ou asíncrona, utilizando a plataforma docente Moodle (MooVi) e participando nas actividades docentes a través de multivideoconferencia (Campus Remoto).

Para poder recibir a docencia de maneira efectiva, recoméndase, previamente ao comezo da materia, consultar o manual de acceso á plataforma e seguir as especificacións técnicas para poder asistir ás sesións remotas. É imprescindible que o alumno acceda á plataforma docente da materia previamente ao comezo da mesma.